

# BASES DOS CONCURSOS DE SAMAÍN

A data límite para presentar os traballos é o **venres 5 de novembro**.

Existen catro modalidades de participación:

## 1. Microrrelatos de medo

O contido terá un máximo de 100 palabras, que poderán ir acompañadas dun debuxo se así o desexas.

Categorías: 1º e 2º de ESO  
3º e 4º de ESO  
Bacharelato

## 2. Cómics de medo

A extensión máxima será dunha cara de folio, na que podes incluír o número de viñetas que queiras e distribuílas como máis che guste.

## 3. Curtametraxes de medo

Os vídeos terán unha duración máxima de 5 minutos, e presentaranse en formato mp4. Valorarase a calidade de composición da historia, efectos visuais e sonoros e iconografía propia.

## 4. Autoepitafios

Redacta contido do teu propio epitafio e, se queres, constrúe unha lápida ao teu gusto. O contido do epitafio debe ser orixinal, non copiado de internet. Valorarase a retranca, calidade e traballo da túa frase de despedida deste mundo, que debe ser representativa de como es ti.

Todas as modalidades están dotadas con **premios arrepiantes!!**

Podes entregar as túas propostas ao profesorado do Departamento de Galego ou a Laura Álvarez, coordinadora de Dinamización Lingüística.